

Normas de estrutura para a redacción dun traballo. A seguir se indica un Modelo de Memória para a redacción do traballo de ADO.

- **Aplicación:** Análise de Datos.

Seguindo unha exposición utilizada na metodoloxía científica consideramos o seguinte MODELO:

- **INTRODUCCION**
- **MATERIAL E MÉTODO**
- **RESULTADOS**
- **CONCLUSIONES**
- **BIBLIOGRAFIA**

Para ilustrar as distintas partes da memoria consideramos a Fonte Directa de Datos **ENQUIA DE OPINION DOS ALUNOS DO CAMPUS DE PONTEVEDRA**

INTRODUCCION.

- Esta parte da memoria está destinada a plantexar el problema por resolver. Indicaremos:
A) Contextualización.
B) Antecedentes Históricos.

MATERIAL E MÉTODO.

Indicamos o “xeito” en que resolveremos o problema e o material utilizado.

MATERIAL.

Incluiremos, entre outros, os seguintes aspectos:

- Cuestionários utilizados
- Recursos Técnicos (software e hardware)
- Recursos Humanos (integrantes do equipo e outras persoas que colaboran)
- Fontes de Datos utilizadas: os datos da propia enquisa e outros datos necesarios.
- Follas de Trabajo de Campo,
- etc

MÉTODO.

Aclaremos as distintas fases método estatístico de análise de datos. Vexamos agora en qué consiste o procedemento a seguir incluíndo os métodos estatísticos utilizados.

Pasos a seguir na obtención de datos mediante unha enquisa.

1. Establecer claramente os obxetivos da enquisa
2. **Definir** con clarezza a **Poboación Obxecto** establecendo o **Marco**
Marco é o conxunto de Unidades da Poboación Obxecto das que realmente podemos obter información.
3. Deseño do Método de Mostraxe (cómo seleccionamos ás persoas, percentaxes, cuotas, etc...)
4. Método de Medida (Entrevista persoal, etc..)
5. Instrumento de Medida e Proba Piloto (Cuestionario, número de persoas ás que facemos a proba piloto, observacións despois de facermos esta primeira proba, etc)
6. Selección e Adestramento dos Investigadores de Campo (se fose necesario axuda de outras persoas)
7. Organización do Traballo de Campo. (datas, lugares, horas, etc...)
8. Organización do Tratamento de Datos. Segundo o proceso seguinte a modo de exemplo:
Recollida
Introdución e Codificación.
Depuración
Análise Descritiva Unidimensional. Gráfica e Analítica.
Análise Descritiva Multidimensional. Gráfica e Analítica.

RESULTADOS.

- Indicaremos os resultados estatísticos obtidos en forma resumida facendo referencia a diferentes arquivos onde podemos ampliar esa información:
- Gráficos
- Tabelas Resumo
- Comentarios que reflictan exactamente os resultados obtidos deixando para as conclusións as nosas apreciacións.

CONCLUSIONS

A partir dos resultados anteriores proporemos a nosa interpretación ou xuízo de valor: **as nosas conclusións.**

BIBLIOGRAFIA.

Incluiremos en este apartado todo tipo de referencia documental e tamén podemos incluír os agradecementos:

- Bibliografía clásica.
- Páxinas web.
- Etc.

Como debo presentar o traballo?

- Seguindo o Modelo de Memoria exposto se entregará un traballo onde se expliciten as distintas partes. Non é necesario incluír todos os gráficos obtidos e todos os resultados posto que deberemos incluír como anexos:

- Base de Datos en soporte informático
- Os arquivos do SPSS xenerados para a consecución dos resultados
- Cuestionarios, unha copia.
- Follas de Traballo de Campo, se houberse
- Etc.

Como presentar la Información?

- Un “gráfico” vale máis que mil “taboas”
- Os gráficos deben contar con toda a información posible: Unidades de medida, nomes de variables, significado, etc.
- Escoller gráficos que reflicten do mellor xeito posible cada situación (variable)
- Elexir métodos gráficos ou analíticos que permitan a Comparación (Harmonización) con a mesma situación en outros contextos (tempo, espazo)

Para máis información pode consultar:

- Rojas Tejada, A.; Fernández Prados, J.S. y Pérez Meléndez, C. “Investigar Mediante Encuestas” Editorial Síntesis (1998)

Escrito con clarezza e rigor aborda todos os aspectos da Investigación mediante enquisas. De fácil lectura.